

## OFERTA DE PRAZAS DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INVESTIGADOR RAMÓN Y CAJAL 2019 E CRITERIOS DE ADSCRICIÓN (INCORPORACIÓN 2020)

De acordo coa convocatoria da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación para a concesión de axudas “Ramón y Cajal” (BOE 11/12/2019) do Subprograma Estatal de Incorporación do Programa Estatal de Promoción do Talento e a súa empregabilidade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020, e co obxecto de dar cumprimento aos requisitos establecidos na convocatoria, a Universidade de Santiago de Compostela debe establecer os principios e criterios que definen a súa oferta institucional de prazas correspondente á convocatoria 2019 das axudas “Ramón y Cajal”.

O Programa Ramón y Cajal (RyC) ten como obxectivo a incorporación nos axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación de investigadores con traxectoria destacada. Por outra banda, a USC necesita conformar a curto e medio prazo un cadro de persoal docente e investigador que permita responder adecuadamente tanto ao importante relevo xeracional que afronta a institución, como aos retos académicos e investigadores que demanda o futuro, nos que a incorporación de novo talento investigador de competencia acreditada é un pilar esencial.

Desde esta perspectiva, e na consideración de que a nosa Universidade constitúe un contorno científico e académico de primeiro nivel no contexto universitario español para impulsar a carreira científica dos xoves investigadores, constitúe un obxectivo e un compromiso da USC crear as condicións máis favorables para impulsar a incorporación de investigadores recoñecidos como Investigadores RyC en todas as áreas de coñecemento da USC, contribuíndo deste xeito a enriquecer a masa crítica científica e a base académica institucional.

En base a estes principios e obxectivos, a oferta de prazas de Investigadores RyC definirase tendo en conta o procedemento e criterios que a seguir se sinalan:

1. A USC ofertará unha praza de investigador RyC por cada unha das áreas temáticas recollidas no Anexo 2 da convocatoria, o que supón un total de 19 prazas. O obxectivo principal desta oferta é que todas as áreas de coñecemento da Universidade sexan susceptibles de recibir cando menos un investigador RyC. Non obstante, de acordo co artigo 27.4 da convocatoria, caso de ser necesario, durante a sinatura dos *acordos de incorporación* a USC poderá modificar esta distribución inicial da oferta para formalizar contratos de interese, mais sen superar o número total de prazas ofertadas.
2. Unha vez resolta a convocatoria do programa RyC, os investigadores interesados en desenvolver a súa carreira investigadora e docente na USC e en formalizar o correspondente acordo de incorporación nesta institución deberán poñerse en contacto coa Vicerreitoría de Investigación e Innovación para establecer a conformidade institucional e determinar a idónea adscrición a unha área de coñecemento activa na USC, o grupo de investigación ao que se incorpora e, se fora o caso, a vinculación a un instituto ou centro de investigación. Para esta adscrición será necesaria a conformidade do Departamento e para a vinculación, se procede, a conformidade do instituto ou centro de investigación correspondente.

3. O Consello de Goberno da USC, por proposta das Vicerreitorías de Investigación e Innovación e de Profesorado, previo informe das comisións de investigación e organización académica e profesorado, tomará a decisión sobre os acordos de incorporación e a súa adscrición a áreas de coñecemento con previsión de necesidades docentes estruturais no horizonte dos vindeiros 5 anos, atendendo aos seguintes criterios,
  - 3.1. Con carácter xeral, dentro de cada área temática, a adscrición ás áreas de coñecemento priorizarase por este orde:
    - i. Menor número de RyC captados nos últimos dez anos.
    - ii. Maior déficit docente estrutural.
  - 3.2. En xeral, a USC formalizará un máximo de 1 acordo de incorporación por área de coñecemento. Non poderá producirse unha segunda incorporación na mesma área sen que se teña producido unha primeira en todas as áreas con candidato posible.
  - 3.3. No suposto de que exista máis dun candidato por área de coñecemento, o acordo de incorporación formalizarase con aquel investigador con mellor posición de orde dentro da área temática ao que fai referencia a resolución da convocatoria.
4. No caso de concorrer circunstancias excepcionais de interese singular e estratéxico para a USC, acreditadas a través da proposta das Vicerreitorías de Investigación e Innovación e de Profesorado, o Consello de Goberno podería autorizar as propostas de incorporación que excepciónaran os criterios indicados anteriormente.
5. Tendo en conta as implicacións que a incorporación de novos investigadores podería ter en canto a aspectos organizativos e docentes, será condición indispensable que as propostas de incorporación teñan a conformidade do Departamento correspondente, que deberá asumir de forma explícita o compromiso de aceptar o candidato e de integralo no seu POD coas horas máximas de docencia recollidas na convocatoria (80 horas anuais). O Departamento, conxuntamente co instituto ou centro de investigación de ser o caso, deberá garantir así mesmo dispoñibilidade de espazo, así como as condicións adecuadas para que o candidato poida desenvolver as súas actividades de investigación.
6. Conforme ao punto anterior, cando se formalice a contratación dun investigador RyC especificarase, de acordo coa proposta feita, a area de coñecemento, e o departamento aos que se adscribe o candidato, o grupo de investigación ao que se incorpora e, no seu caso, o instituto ou centro de investigación ao que se vincula.
7. Dentro do marco normativo de aplicación e en circunstancias ordinarias, a USC comprométese a crear un posto de traballo permanente de acordo co artigo 20.2 da convocatoria ao final do período de cinco anos do contrato RyC. Con carácter xeral, este posto será de Profesor Titular de Universidade, para o que o investigador deberá contar, ademais de coa preceptiva acreditación I3, coa acreditación para o corpo de Profesor Titular de Universidade.